

Autor e ilustrador: **KIKO DASILVA**

Encadernado en cartoné

70 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:


-Galego: "Fiz"
BD Banda. ISBN 978-84-8464-600-6

-Castelán: "Fiz"
BD Banda. ISBN 978-84-934641-4-1

Prezo: 14 €

FIZ

Ten tres anos, tres pelos e tres debilidades: as cacacas, os mocos e o pis. Tamén ten unha grande imaxinación. Algúns din que é un neno moi porco, pero o certo é que é porco porque é un neno..



- **Xénero:** cómic
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Contido adicional:** entrevista co ilustrador, comentarios sobre o personaxe, making-off da obra e colaboracións doutros artistas

Para ler as historias delirantes e algo escatolóxicas de Fiz hai que ser nen@... ou volver selo. Pensar coa inocencia e a picardía da que os nenos son capaces, empaparse do humor fresco e agudo que destilan as súas ocorrencias, ser comprensivo coa súa espontaneidade, desafiar con certas doses de rebeldía o mundo anódino e insulso dos adultos...

No contorno cotiá de Fiz, editado en castelán, destacan elementos coma o retrete, as cacacas e os mocos, dotados de vida propia e convertidos en personaxes secundarios da historieta. O protagonista lévanos polo seu barrio, o seu colexio, o parque onde xoga, e a través da súa mirada descubrimos o seu carácter, tan peculiar coma entrañable.

KIKO DA SILVA (Vigo, 1979)

Armado de guión e acuarela, o autor inspírase en Akira Toriyama, creador de *Arale*, nas aventuras de *Calvin e Hobbes* e mesmo en personaxes de colleita propia, como *Martiño*, ao que ilustrou para un texto de Chema Heras editado por KALANDRAKA.

Dirixe BD BANDA, unha colección de álbumes de ocio que se diferencia doutros proxectos de cómic levados ao terreo editorial en que aos seus creadores non lles guía un obxectivo pedagóxico; o seu fío condutor non é histórico ou científico, senón que os personaxes viven as súas propias experiencias co único fin de captar a complicidade do lector.

Tras completar a súa formación na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Kiko Dasilva adicase ao humor gráfico profesional. Traballa para revistas como *El Jueves*, *Mister K* ou *BD Banda*, que obtivo o Premio ao Mellor Fanzine no Salón do Cómic de Barcelona e o Premio das Xornadas de BD de Ourense; é ilustrador e autor de libros infantís para editoriais como *Galaxia* ou *KALANDRAKA* (*A Memoria das árbores*, *Moncho e a mancha*, *Rato de campo e rato de cidade*, *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*)